



Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B JVC	Documento 10515I0LFLK	
Código de verificación  0Y2C 7216 3A6Q 0D2V 0MPT	Expediente 105/2020/10350	
	Fecha 08-06-2021	

Asunto RESOLUCIÓN DEFINITIVA do órgano competente de concesión /denegación das solicitudes SOBREVINDAS presentadas en relación ca Base 11.3 das Bases reguladoras da convocatoria de axudas de BONO-TAXI do ano 2021.- ANUNCIO do órgano instructor para Taboleiro de Edictos e Anuncios.-	Interesado Persoas beneficiarias e interesadas na convocatoria de referencia
---	---

**ANUNCIO DA LISTAXE DE PERSOAS SOLICITANTES
PARA AS QUE SE PROPÓN A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN/AXUDA
EN RELACIÓN CA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE EN TAXI
DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (BONO-TAXI) PARA O EJERCICIO 2021**

En relación ca convocatoria de axudas para o transporte en taxi de persoas con discapacidade (tamén denominadas Bono-Taxi) para o exercicio 2021, aprobada polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 18/11/2020, cuxo extracto foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) nº 202, de data 26/11/2020;

Que se pode consultar na seguinte dirección electrónica:

https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2020/11/26/2020_0000008691.html

Que foi publicada no Taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña con data 27/11/2020, e

Que se pode consultar na seguinte dirección electrónica:

<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=view&id=11909>

Dita convocatoria está identificada na Base de Datos Nacional de Subvenciones ca seguinte identificación: BDNS(Identif.): 534858.

O órgano competente mediante a Resolución nº RES/AYT/13191/2021, de data 07/06/2021, adoptou entre outros os seguintes acordos relativos a RESOLUCIÓN DEFINITIVA deste procedemento de concesión de axudas para o transporte en taxi de persoas con discapacidade (Bono-Taxi) para o exercicio 2021, en relación ás solicitudes sobrevividas:

"PRIMEIRO.- CONCEDER de forma DEFINITIVA as axudas, correspondentes á convocatoria aprobada pola Xunta de Goberno Local o 18/11/2020, relativa á convocatoria de axudas para o transporte en taxi de persoas con discapacidade (tamén denominadas Bono-Taxi) para o exercicio 2021, ás persoas solicitantes e beneficiarias que se relacionan na listaxe que se indica de seguido, cuxo importe total ascende a 6.540,00 euros.



**Listaxe das persoas BENEFICIARIAS, e importes CONCEDIDOS
de Axudas Bono-Taxi para o exercicio 2021**

EXPEDIENTE	DNI	APELIDOS	NOME	IMPORTE PROPOSTO
105/2021/1648	***8288**	BARBEITO BARROS	ALICIA	1.090,00 euros
105/2021/1128	***1705**	CAL ORGEIRA	RAQUEL	1.090,00 euros
105/2020/11745	***2819**	FERNANDEZ BLANCO	ANTONIO	1.090,00 euros
105/2020/12017	***2259**	RODRIGUEZ DÍAZ	MARÍA SUSANA	1.090,00 euros
105/2020/11797	***8793**	VECILLA VILLAR	BERTA	1.090,00 euros
105/2020/11585	***4394**	ZÚÑIGA VÁZQUEZ	MARÍA OLGA	1.090,00 euros
Importe Total:				6.540,00 euros

SEGUNDO.- DENEGAR as axudas solicitadas as seguintes persoas solicitantes polos motivos e razóns da súa denegación, que se indica cada caso, segundo a seguinte listaxe, en función dos criterios de valoración previstos na convocatoria de axudas para o transporte en taxi de persoas con discapacidade (tamén denominadas Bono-Taxi) para o exercicio 2021:

**Listaxe das persoas SOLICITANTES cuxas solicitudes de Axudas Bono-Taxi
para o exercicio 2021 resultan DENEGADAS**

EXPEDIENTE	DNI	APELIDOS	NOME	MOTIVO DE DENEGACIÓN
105/2021/870	***5333**	BAHAMONDE VAZQUEZ	VICENTA	Fora de prazo
105/2021/1383	***7355**	FERREIRO CAMPOS	OFELIA GENEROSA	Fora de prazo
105/2021/1127	***9050**	GARCÍA CAAMAÑO	VÍCTOR	Fora de prazo
105/2021/2047	***2538**	GUZMAN LEIRA	MARIA ELENA	Supera ingresos máximos
105/2021/675	***0270**	LEIVA VAL	DANIEL	Fora de prazo
105/2021/1942	***1262**	MARTÍNEZ REGOS	MARÍA DOLORES	Non acredita que a discapacidade afecte á mobilidade
105/2021/734	***4365**	MUIÑO PEREZ	MARÍA JESÚS	Fora de prazo
105/2021/538	***4004**	RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	ANGEL	Fora de prazo

TERCEIRO.- IMPUTAR o gasto previsto derivado destas axudas concedidas, segundo o crédito retido para cada exercicio orzamentario, por un importe total de 6.540,00 euros, necesario para afrontar o pago da facturación presentada polas asociacións de taxistas derivada dos servizos alternativos de taxi prestados ás persoas beneficiarias, segundo os "bono-taxis" consumidos, nos termos establecidos nas Bases 16 e 19 das Bases Reguladoras desta convocatoria de axudas, ca seguinte distribución nos exercicios orzamentarios que se indican:

Aplicación orzamentaria	Exercicio orzamentario	Importe Crédito retido	Importe Gasto Previsto
51.231.480.06	2021	125.000,00 €	4.825,00 €
51.231.480.06	2022	30.000,00 €	1.715,00 €
Importe Total:		155.000,00 €	6.540,00 €

A execución do gasto no próximo exercicio orzamentario 2022 quedará condicionada á existencia efectiva de crédito axeitado e suficiente no orzamento.

CUARTO.- NOTIFICAR, de forma colectiva mediante anuncio no Taboleiro de Anuncios e Edictos do Concello da Coruña, ás persoas beneficiarias e interesadas/solicitantes, esta resolución con expresa indicación do réxime de recursos aplicable.

QUINTO.- ADVERTIR ás persoas beneficiarias destas axudas concedidas:



- Que de acordo co establecido na Base 16 das Bases Reguladoras desta convocatoria de axudas, a concesión da axuda do bono-taxi con cargo a esta convocatoria implica a cesión do dereito de cobramento aos taxistas ou aos seus representantes, polo que o pago do orzamento total practicarase efectivamente a estes.
- Que de acordo co establecido na Base 17.b) das Bases Reguladoras desta convocatoria de axudas, as axudas concedidas son persoais e intransferibles, debendo as persoas beneficiarias facer constar a súa sinatura no bono-taxi entregado e utilizado.
- Que deberán cumprir co resto das obrigas establecidas na Base 17 das Bases Reguladoras desta convocatoria de axudas.

SEXTO.- ENCOMENDAR, ao Servizo de Xustiza Social, á realización das actuacións que procedan para a entrega de "bono-taxis" en soporte papel polo importe total da axuda concedida, nos termos previsto na Base 15 das Bases reguladoras da presente convocatoria, ás persoas beneficiarias relacionadas no apartado Primeiro.- anterior."

De acordo co establecido na Base 12.2 das Bases Reguladas da convocatoria destas axudas, relativa aos recursos procedentes contra a resolución do procedemento;

NOTIFÍCASE ás persoas interesadas mediante este ANUNCIO estes acordos relativos a dita RESOLUCIÓN DEFINITIVA, de acordo co previsto no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de tal xeito que, consonte co disposto no artigo 45.1 b) desta Lei, esta notificación substitúese por esta publicación da relación de axudas concedidas e denegadas nos rexistros municipais, taboleiro de edictos, centros cívicos, páxina web coruna.es e 010, tendo este anuncio o carácter de notificación colectiva.

De acordo co establecido na Base 13 das Bases Reguladas da convocatoria destas axudas, relativa aos recursos procedentes contra a resolución do procedemento;

Se ADVIRTE ás persoas solicitantes interesadas:

- Que esta resolución DEFINITIVA do procedemento de concesión/denegación, en relación ás persoas solicitantes para as situacións sobrevividas que se indican nos apartado Primeiro.- e Segundo.- da mesma, porá fin á vía administrativa.
- Que contra dita resolución caberá a interposición de RECURSO CONTENCIOSO - ADMINISTRATIVO no PRAZO DE DOUS MESES contados a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa). Con todo, as persoas interesadas poderán, con carácter potestativo, presentar RECURSO DE REPOSICIÓN ante o propio órgano que ditou a resolución no PRAZO DUN MES ante o mesmo órgano que adopte este acordo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do mesmo (artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas). Nese caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo comezará a contar desde a notificación da resolución expresa do recurso. No caso de desestimación presunta, que se producirá se no prazo dun mes non se resolveu o recurso de reposición interposto, a interposición do recurso contencioso-administrativo non se suxeita a prazo de caducidade (Sentencia do Pleno do TC STC 52/2014, do 10 de abril).

A Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento.

O órgano instructor,
A xefa de servizo de Acción Social,
P.A., O Xefe de Servizo de Servizos Sociais,
Carlos Santos Guerrero.